

REGULAMENTO DE
FUNCIONAMENTO DO
COMEDOR ESCOLAR DO
CEIP "BARRIÉ DE LA
MAZA"-MONDEGO

ÍNDICE:

1.-MARCO LEGAL	páx.3
2.-NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR	páx.4
3.-INDICACIÓNS PARA OS MONITORES	páx.6
4.-NORMAS DE COMPORTAMENTO PARA OS USUARIOS DO COMEDOR	páx.7
5.-PARA TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA	páx.8
6.-FALTAS E SANCIÓNS	páx.9



Asociación de nais e pais de alumnos
CEIP "Pedro Barrié de la Maza"
Mondego - Sada (A Coruña)
informacion@anpaquintan.com

REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

1.- *MARCO LEGAL.* -

O marco básico de actuación polo que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación universitaria, é a Orde do 21 de febreiro de 2007, sen esquecer calquera outro tipo de norma, orde, decreto ou lei, que regule ou poida regular o correcto funcionamento deste servizo.

O comedor escolar do CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA é dos recollidos no artigo 2º.2 da citada Orde e que dí textualmente: "Excepcionalmente, a Administración educativa poderá colaborar na xestión e organización do servizo cos respectivos concellos, deputacións ou outras institucións públicas ou privadas, así como con outras entidades ou colectivos, como poden ser AS ASOCIACIÓNS DE PAIS DE ALUMNOS E AS SÚAS FEDERACIÓNS".

A programación do Servizo de Comedor formará parte da Programación Xeral Anual e as normas de funcionamento que se establezan formarán parte do Regulamento de Réxime Interno (RRI) e do Proxecto Educativo de Centro como anexo.

As actividades educativas programadas para os períodos anterior e posterior ao tempo de comida favorecerán o desenvolvemento de hábitos relacionados coa alimentación e a hixiene e favorecerán a integración de todo o alumnado, especialmente do alumnado con necesidades educativas específicas.

O sistema de xestión determinarase polo Consello Escolar ao rematar cada curso escolar e entrará en vigor no seguinte. En función das circunstancias optarase por un dos procedementos seguintes:

****Contratación do servizo a empresas do sector.**

****Acordos ou convenios de colaboración para a prestación do servizo por outras institucións.**

Este sistema poderá variar durante o curso escolar se razóns de urxencia, acordadas polo Consello Escolar, así o determinasen.

2. -NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR:

- A inscrición no servizo de comedor escolar ten carácter anual, e excepcionalmente poderán incorporarse alumnos durante o curso. As familias cubrirán a ficha correspondente con todos os datos, e será moi importante especificar os números de teléfono de contacto.

- O Comedor do CEIP PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA ten unha capacidade de 125 alumnos diarios como máximo, e o número mínimo de usuarios para que o servizo funcione será de 10. Por debaixo desta cantidade o servizo poderá ser rescindido.

- No caso de existir ao inicio de curso máis solicitudes de usuarios que prazas disponibles, será o Consello Escolar do centro quen determine o listado final de admisión, segundo os criterios elaborados polo propio Consello, e as normativas xerais existentes na citada Orde do 21 de febreiro de 2007 (que indica a seguinte orde de preferencia: alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido; alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar; alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado con informe da asistente social do concello que corresponda; alumnado membro de familias numerosas; alumnado, fillos de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía; outro alumnado do centro; persoal docente e non docente que preste servizos no centro).

- O servizo de comedor funcionará desde o primeiro ata o derradeiro día de clase. As estratexias de adaptación ao centro que se programen para os

alumnos de 3 anos, ao inicio do curso, esixirán regular o uso do servizo para estes alumnos no período sinalado.

- O prezo do servizo establecerase ao inicio de cada curso, e será modificado en función das subvencións que se vaian recibindo cada ano.
- O pago do servizo será mediante domiciliación do recibo bancario, a finais de cada mes.
- O impago de dous meses dalgún servizo do comedor será causa de baixa automática nese servizo.
- As baixas ou modificacións de utilización deste servizo deberanse notificar á ANPA antes do día 22 do mes anterior. De non seres así se aboará igual a mensualidade correspondente.
- Os cambios producidos na utilización do servizo inicialmente solicitado, serán inamovibles; calquera modificación será valorada polo Consello Escolar.
- Os usuarios de máis curta idade deberán controlar os seus esfínteres. Os incidentes que se produzan neste sentido, serán postos en coñecemento do pai ou nai do afectado para que poidan resolvelo.
- Os alumnos que asistan ao comedor deberán encontrarse ben de saúde debido ao risco de contaxios, que nun servizo deste tipo é bastante alto.
- Se algún usuario sufrise unha indisposición ou accidente avisaríase aos servizos sanitarios en primeira instancia, e se a gravidade o requirise trasladaríase a un centro hospitalario. A familia será avisada o antes posible. A nena ou neno estará acompañado dun monitor ata que o pai ou nai se faga cargo del.
- A función principal do persoal de atención aos nenos é a de educar axundándolles a adquirir os hábitos de comportamento, de alimentación e de hixiene correctos para acadar a súa propia autonomía. É fundamental neste sentido que as familias apoiem este labor cando os pequenos coman nos seus fogares.
- Todo o persoal que desenvolva as súas funcións no tempo de comedor escolar forma parte da Comunidade Educativa, e débese lle respectar como aos demais membros. É a súa responsabilidade o coidado e atención xeral de todas e todos os usuarios do mesmo, non así do alumnado alleo a este servizo.

- Os pais e nais non accederán ás instalacións do comedor salvo indicación ou requerimento do persoal do comedor.
- Se existise algún tipo de indicación específica sobre as persoas que poden facerse cargo dun neno ou dunha nena en particular, tras a utilización deste servizo, a familia deberá comunicarllo ao Presidente do Consello Escolar (Director) e esta información será posta en coñecemento do persoal do comedor.
- O horario do comedor será de 14:00 h a 16:00 horas, desde o inicio ao remate do curso. Durante este intervalo de tempo os usuarios non poderán abandonar as instalacións sen o permiso do persoal responsable. O centro permanecerá pechado neste horario.

3. -INDICACIONES PARA OS MONITORES:

- Estimular e favorecer no alumnado a adquisición de hábitos correctos de hixiene, alimentación e comportamento no comedor.
- Fomentar actitudes para acadar unha boa educación na mesa: como deben sentar, como se serve a comida, cando deben levantarse,
- Fomentar o respecto entre os comensais, o persoal, etc.
- Vixiar aos nenos tanto no tempo de hixiene, como no tempo de permanencia na sala de comedor e no tempo de ocio.
- Acompañar os usuarios en todo momento e fomentar un uso correcto das instalacións do centro para a realización das actividades que se programen.
- Fomentar a cooperación e o respecto ás persoas do entorno con valores e actitudes democráticas e participativas.
- Educar aos comensais nas normas básicas de comportamento na mesa: procurar non poñer os codos na mesa, procurar non falar coa boca chea e tela pechada para mastigar evitando facer ruído, evitar beber antes de ter tragado a comida, utilizar sempre a servilleta antes de beber e cando sexa necesario, cortar os alimentos con coidado(un anaco de cada vez), utilizar correctamente os cubertos(non empuñar nin xesticular con eles, non facer ruído con eles golpeando pratos, vasos..., procurar non levar o

coitelo nen a pala do pescado á boca, ao rematar colocalos ordenadamente no prato, evitar cortar o pan individual co coitelo...)

- Sinalar as zonas do patio que se van utilizar nas actividades de ocio e marcar as directrices de utilización destes espazos.
- Velar para que o recinto do centro utilizado, nunca permaneza aberto nesta franxa horaria.
- Insistir, de forma moi especial, no desenvolvemento das pautas educativas sobre saúde alimentaria e nutrición e levar a cabo os programas de prevención de patoloxías ou trastornos alimentarios.
- Favorecer a relación cos membros da Xunta Directiva da ANPA correspondente, así como coas familias dos usuarios do servizo e co equipo directivo do centro segundo os protocolos que en cada caso estableza a ANPA do centro.
- Asistir e acompañar os comensais enfermos ou accidentados, establecendo, segundo o caso, a evacuación ao centro sanitario de urxencias do centro hospitalario, e permanecer en contacto coa familia ata que ésta se faga cargo do menor.
- Asistir ás conferencias, seminarios, cursiños e xornadas de formación contínua que promovan tanto a Federación Provincial de ANPAs, como a empresa de catering e o centro educativo.

4.- NORMAS DE COMPORTAMENTO PARA OS USUARIOS DO COMEDOR.

- Cada curso, ao inicio do mesmo, o Consello Escolar do centro establecerá as directrices, despois de consensualas cos implicados, de como debe chegar o alumnado ás dependencias do comedor, quen os levará ata alí, onde os recollerán, en que lugar e en que momento pasarán a estar a cargo do persoal de comedor, etc...
- En cada xornada, antes de poñerse a comer, deberán estar debidamente aseados e sempre coas mans lavadas. Cada un necesita traer semanalmente un pequeno neceser cos útiles de aseo(toalla pequena, cepillo e pasta de dentes, vaso de plástico e peine).

- Entrarán nas dependencias onde se desenvolva este servizo, en orde e en silencio, permanecendo correctamente sentados na cadeira correspondente, e sen xogar ou balancearse con elas.
- Débense tratar sempre con respecto, e deben axudar aos máis pequenos.
- Intentarán comer todos os alimentos que se servan, aínda que só sexa para probar.
- Todos os usuarios colaborarán despois de comer recollendo o enxoval do comedor e colocando de forma correcta e ordenada as mesas e as cadeiras.
- Deben saír do comedor en orde e sen correr.
- Durante o tempo do recreo e xogos, despois de comer, os usuarios de comedor NUNCA SAIRÁN DO RECINTO DO COLEXIO. Estarán cos seus monitores xogando ou facendo calquera tipo de actividade lúdica: xogos, concursos, teatro, pero procurando evitar facer actividade física forte, xa que durante este tempo estarase a facer a dixestión.
- O persoal de comedor é a autoridade durante esta franxa horaria, por iso sempre os nenos e nenas manterán para eles unha actitude de obediencia e respecto. Ante calquera incidencia grave pasarán un informe ao Presidente do Consello Escolar (director ou directora) para que éste tome as medidas oportunas ao respecto.
- Ao inicio de cada curso, do mesmo modo que acontece coa chegada ao comedor, o Consello Escolar do centro dará as directrices, despois de consensualas cos implicados, de como se deberá efectuar a saída desta actividade de comer e xogar, onde deben recoller as familias aos usuarios, como irán outros as aulas de actividades extraescolares, etc.

5. - PARA TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA:

- O servizo de comedor é unha prolongación do horario escolar, por iso o Regulamento de Réxime Interno do centro deberá recoller os dereitos e os deberes dos usuarios e do persoal que o atende.

- Poderá facer uso do servizo de comedor calquera membro da Comunidade Educativa que o solicite, sempre que haxa prazas e aboem o importe da súa comida.
- Deberá formalizarse a matrícula no período indicado pola ANPA e será necesario entregar nos seus locais o formulario disposto a tal fin, debidamente cumprimentado, e aboado en concepto de matrícula o importe que así se estableza, de acordo co rango de usuario socio da ANPA ou non socio.
- Se o servizo é utilizado por persoas adultas alleas ao persoal contratado para tal fin, deberán colaborar cos monitores durante todo o tempo de prestación de dito servizo.

6. -FALTAS E SANCIONES

-FALTAS LEVES

a) Considéranse faltas leves:

- 1.Desobedecer levemente as indicacións do Persoal do Comedor.
- 2.Non lavar as mans ou os dentes.
- 3.Entra e saír do comedor dunha forma desordenada.
- 4.Cambiar o sitio asignado.
- 5.Non comer de forma axeitada ou non facer un uso axeitado dos utensilios da mesa.
- 6.Sentar de maneira incorrecta.
- 7.Facer ruído, berrar ou falar en alto con alumnos de outras mesas.
- 8.Calquera outra conducta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou a saúde das persoas.

b) Sancións:

- 1.Amoestación verbal ao alumno. En caso de reiteración, comunicación por escrito aos pais.
- 2.Separación temporal do grupo de referencia e integración noutro.

3. Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de ocio.

4. Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.

O persoal do Comedor poderá impoñer estas sancións.

-FALTAS GRAVES

a) Considéranse faltas graves:

1. Acumulación de tres faltas leves

2. Desobedecer gravemente as indicacións do Persoal do Comedor.

3. Erguerse da cadeira de maneira inxustificada.

4. Saír do comedor sen permiso das monitoras.

5. Deteriorar a propósito o material do comedor.

6. Xogar coa comida tirándoa ao chan ou a outros compañeiros.

7. Asistir ao comedor sen asistir xustificadamente ás clases ese día.

8. Calquera outra conducta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou a saúde das persoas.

b) Sancións:

Calquera das consideradas para as faltas leves. Ademáis:

1. Amoestación por escrito ao alumno. Comunicación aos pais.

2. Separación do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor, ata o remate do curso.

3. Comer aillado dos compañeiros (ata 5 días)

4. Expulsión temporal do Comedor (ata 5 días)

Estas sancións poderán ser impostas polo Equipo Directivo do Centro e serán comunicadas aos pais.

-FALTAS MOI GRAVES

a) Considéranse faltas moy graves:

1. Acumulación de tres faltas graves.

2. Saír do Centro sen permiso, durante o horario de Comedor.

3. Calquera outra conducta que afecte de forma moi grave ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións:

Cualquera das consideradas para as faltas graves. Ademáis:

1. Expulsión temporal do Comedor (de 5 días a 1 mes).

2. Expulsión definitiva do Comedor.

Esta última sanción será determinada polo Consello Escolar do Centro, logo de audiencia a pais.